



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Torre, nº 1

27363.- O Páramo (Lugo)

www.concellodoparamo.tk

ANUNCIO COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DA CONTRIBUCIÓN RÚSTICA E URBANA DO EXERCICIO 2007

Por medio do presente anuncio ponse en coñecemento de tódolos/as veciños/as do Páramo que está a cobro en período voluntario o Imposto de Bens Inmóbeles de natureza Rústica e Urbana, correspondentes ó exercicio 2007.

O prazo para o pago dos mesmos será dende o 3 de Setembro ó 5 de Novembro de 2007, ámbolos dous incluídos.

O ingreso dos respectivos recibos farase en calquera oficina de Caixa Galicia en días laborables, de 8,30 a 14 hora, na que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto, se remite ó domicilio dos contribuintes.

Aquelas persoas que por calquera circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderá de igual xeito facer o pago en calquera oficina de Caixa Galicia na que se expedirá un novo documento.

Unha vez transcurrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os intereses de demora, recargos do período executivo e demais costas que se produzan.

Para máis información ó respecto poden chamar ou acudir ás oficinas do concello.

Páramo, a 3 de Setembro de 2.007

O Alcalde,
Asdo.) Gumersindo A. Rguez. Liz

